


# DEIXOUNOS XOSÉ NEIRA VILAS

**Pepe Neira** deixounos o pasado sábado, de mañanciña, en silencio, sen barullo, paseniñamente, pero quedan con nós Balbino, o Moncho, Lelo, Tomás, o Espantallo amigo, o Tío Ramón de Reborneda (*anque moi velliño e non ten a ninguén, ten centos de amigos que lle queren ben*)... Toda unha familia de personaxes, para nenos e grandes que levaban unha parte de como foi el: un tipo de aldea dacabalo coa universalidade, próximo, afable, amigable, sinxelo, agarimoso, rebelde, inconformista... aínda que el negaba a súa condición de “escritor”, o último gran mito das letras galegas.

## Memorias dun neno labrego.

Xosé Neira Vilas escribiu as *Memorias dun neno labrego* en 1960 e publicounas por primeira vez na editorial que, xunto coa súa dona, Anisia Miranda, fundaran tres anos antes en Bos Aires: Follas Novas.

Logo chegarían outras moitas edicións, a venda de máis de 700 mil exemplares en galego, a tradución a case vinte idiomas (portugués, castelán, alemán, chinés, inglés, ruso, italiano, checo, francés,...), as adaptacións para o teatro, os audiolibros, as lecturas colectivas, as homenaxes... Avatares que converten as Memorias no libro galego de referencia no século XX: o máis vendido, o máis traducido e, sobre todo, o máis lido.



Alumnos do colexio de Peitieiros durante unha visita do autor ao centro no curso 2013-14

Memorias dun neno labrego conta as aventuras de Balbino (*Un rapaz de aldea. Coma quen dis, un ninguén. E ademais, pobre*). Balbino ten doce ou trece anos, vive en Gres nos anos corenta do século XX, e desde alí conta en primeira persoa como é a súa vida, como ten que sobrevivir á pobreza, ás inxustizas, á falta de futuro... ao feito de ser galego.

Aínda que en diferentes ocasións declarou que as memorias non son autobiográficas, si son produto da memoria de Neira Vilas e do que sempre foi, un rapazolo, pobre, que pasou os seus primeiros anos en Gres, no corazón de Galicia.

## NO NADAL, UN LIBRO

No seguinte enlace atoparás as nosas recomendacións para agasallar, ler...  
<http://list.ly/list/urk-recomendaci-ns-de-biblioturonia-para-o-nadal-2015-slash-2016>

BIBLIOTURONIA

# SUPERTURONIO

IES TERRA DE TURONIO. CURSO 2015-16. DECEMBRO 2015

## EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



### Andadura galega.

Aquí tedes a Jonathan con Rubia, unha egua de cinco anos e máis ben tranquila.

O NOSO ALUMNADO, O MÁIS PREMIADO.

- **EDUEMPRENDE IDEA 2015.**
- **INSPIRACIENCIA**



IMMERSION IN ENGLISH



O MAGOSTO

Falece XOSÉ NEIRA VILAS, padriño do COLEXIO DE PEITIEIROS

TURONIO DEPORTISTAS.



NO NADAL, UN LIBRO ...

BIBLIOTURONIA

## 1º PREMIO MOZOS. INSPIRACIENCIA 2015.

Inspiraciencia é un concurso de relatos de Inspiración científica. É unha iniciativa que relaciona a ciencia e a escritura dun xeito lúdico e participativo. Aquí tedes o relato de Fran, alumno de 4º que gañou a edición de 2015. Máis información en

<http://www.inspiraciencia.es/gl/>



# BORO

## ¡PARABÉNS!

### BORO

Eh, ti! Si, ti! Que fas aquí fóra? O profesor Deferre está a piques de dar unha charla sobre as propiedades do ununoctio. Que non che interesa? A min tampouco, a verdade sexa dita. É pouco probable que coa túa idade sexas xa un científico feito e dereito. A quen acompañas? Ao profesor Himmeltoss? Expuxo hai tempo.

Hai unha cafetería por aquí preto. Queres tomar algo?

Bo, xa estamos. Como dixo Alexander Fleming, un grollo de whisky non é moi científico, pero axuda, así que: camareiro, un escocés para min, e...que queres? De acordo, ti o perdes. Só iso, camareiro. Pois nada, falemos da ciencia. Sabías que a Mendeleiev ocorréuselle a orde da táboa periódica nun soño? Claro que si, todo científico que se prece sábeo. E que Marie Curie non só investigou o radio, senón que tamén o polonio? Iso é aínda máis fácil, seino, alégame saber que non estou a tratar cun idiota. Pero mira... Oh, grazas camareiro. Á túa saúde! Mmm, que delicia, non me podo crer que cho esteas perdendo. Pero mira, a ciencia tamén ten sorprendentes fallos, e un deles foi deixar de investigar o boro, o cal podería ser beneficioso para a raza humana. Si, é horrible, pero aquí entras ti. Verás, eu estou moi ocupado e gustaríame que investigases sobre iso, sei perfectamente que non che podo obrigar, pero é algo polo ben da humanidade, e unha persoa nova como ti podería facelo perfectamente. Faralo? Si! Excelente.

Anda, rapaz! Pasaron dous meses desde que falamos naquela cafetería. Que tal? Como che vai no proxecto? Como conseguiches o meu número de teléfono? Si, seino, iso último dá o mesmo. Cántame os teus procesos. Así que a túa investigación viuse freada pola dubidosa pureza das fontes de boro. Verás, a vida dun científico é un continuo pozo de erros onde tes que afundirte no lodo para obter algo bo. Si, sei que soamente constitúe o 0,001% da cortiza terrestre, pero... Así que na auga de mar está nunhas poucas partes por millón, así que iso descarta a destilación. Non, non podo parar de repetir o que dis, se non non me concentro. Ah, verás, a industria metalúrxica emprega boro, e na fabricación de vidro tamén é usado. Pídelles axuda e información, seguro que cha dan.

## TURONODEPORTISTAS. Por Lucía. O GOLF.



Lucía preséntanos hoxe o golf, da man dunha entrevista que lle fixo a un practicante do noso instituto, Rubén Fernández.

**Lucía.-** Como te chamas e en que curso vas?

**Rubén.-** Chámome Rubén e vou en 4º B.

**L.-** Vamos comezar coas preguntas, se che parece ben, claro?

**R.-** Claro que me parece ben.

**L.-** Por que te interesaches por este deporte e non por outro?

**R.-** Todo empezou cunhas vacacións hai 12 anos. Vimos que daban clases de golf gratis, e fomos probar e gustounos, e aí comezamos a interesarnos e a collerlle o gusto.

**L.-** E onde xogas? Por que aquí preto non hai moitos clubs.

**R.-** Xogo no club de "Chan do fento", que está en Meis e tamén en Ría de Vigo que está en Domaio.

**L.-** Cres que máis adiante chegarás a ser coñecido por este deporte ou polo menos mellorar máis?

**R.-** Só mellorar, ser coñecido é moi difícil.

**L.-** Que pros e contras ten este deporte?

**R.-** Eu contras non lle atopo ningún, son todos pros.

**L.-** Cantas horas lle dedicas á semana?

**R.-** Pois unhas sete ou oito horas á semana.

**L.-** Fuches a algún que outro campionato, non?

**R.-** Si, fun a bastantes, a nivel galego en todos os campos galegos.

**L.-** Cres que se che dá ben?

**R.-** Xogo con xente boa e mala, eu, persoalmente considérome bo.

**L.-** Cántanos algo de como é o teu deporte.

**R.-** O golf é un deporte que consiste en golpear unha bola cun pau e introducila nun burato co mínimo de golpes posibles.


Hai dous tipos de campos de 9 buratos e de 18. O máis normal é atoparnos con campos compostos por 18 buratos, no caso de que sexan 9 realizaríanse eses 9 buratos dúas veces.

No campo de golf podémonos atopar con diversos obstáculos que nos dificultan o xogo (lagos, bunkers \_zona de area\_ árbores etc.)

Non todos os xogadores xogan ao mesmo nivel por estas circunstancias existe o "hándicap" que é a vantaxe de golpes que che dá o campo sobre o seu par (par é o número de golpes máximos que tería que facer un profesional).

Como máximo só podes levar 14 paus pero non hai número mínimo de paus obrigatorio.

**L.-** Moitas grazas, Rubén.



## O MAGOSTO. Contado polos de primeiro.



O pasado mércores 11 de novembro, os alumnos do IES Terra de Turonio, cada un coa súa mochiliña, o bocadillo e a bebida, foron de magosto ao merendeiro de san Cibrán. Cun tempo moi bo, os autobuses leváronos a un punto do monte para emprender unha preciosa ruta de 6 Km. O camiño resultou algo aburrido e difícil e algúns alumnos non estiveron moi de acordo con esta decisión dos profesores. Foron dúas horas andando por herba, auga, terra, barro, lama, area, pedra...; houbo quen tropezou e caeu e a quen lle entrou auga nos zapatos. Cansos, chegaron ao merendeiro e alí, cos seus grupiños, dividíronse polas mesas, merendaron e tiveron un rato libre. Mentres xogaban, non tardaron en chegar os rapaces e rapazas de 3º e 4º que fixeron unha ruta diferente. Con todos os alumnos por alí, algún profes, coa axuda de alumnos do ciclo, asaron unhas ricas castañas. Logo algúns saltaron á corda mentres outros facían carreiras ao cabalo doutros. Ao final moitos alumnos colleron feluxes xa frías de asar as castañas e enfeluxáronse enteiros. A iso das dúas e media colleron os autobuses para o instituto e de alí cada un para a súa casa. Recollemos a opinión de varios dos alumnos participantes: “foi divertido todo menos a parte de ter que andar tanto; o sitio é moi bonito e hai moito espazo para correr e pasear”, “a verdade é que quedamos bonitos coa feluxe!”, “pasámolo moi ben, oxalá se repita outro ano!”.

## IMMERSION IN ENGLISH. Tamén contado polos de primeiro porque foron os que foron.

A segunda semana de novembro, vinte e cinco alumnos e alumnas do IES Terra de Turonio, de Gondomar, participaron nun campamento de inmersión lingüística nos Peares. Este grupo de rapaces conviviu toda unha semana con outro instituto, neste caso de Laracha, A Coruña. O campamento de inmersión lingüística ten como fin que os alumnos realicen todo o que é a vida cotiá falando todo o tempo posible en inglés, polo que o curso é impartido por profesorado nativo. O horario divídese en horas de estudo e horas de lecer. Nestas horas de lecer o alumnado e mais o profesorado realiza actividades varias, como a busca do tesouro, a caixa de música, paseos polos arredores, lanzamento de ovos -consistente en non romper os ovos que se lanzaban desde un segundo andar-, experimentos con auga... Ademais, os nenos e nenas disfrutaron dunha noite de discoteca. Para as clases de inglés, os rapaces foron divididos en grupos segundo o nivel amosado nunha entrevista feita o primeiro día. Seica o nivel era case perfecto e así puideron seguir todas as actividades sen que ninguén se perdesse. O campamento é financiado pola Xunta de Galicia.



Boas tardes, rapaz, agora te presentas na miña casa, es unha caixa de sorpresas. Carallo! Que che pasou nos ollos? Están moi vermellos. Ah, esquecinme de dicirte que a exposición ao boro pode causar irritación nos ollos, nariz e garganta. Non te enfades, só foi un esquecemento provocado pola idade, e ademais... hai casos de morte por exposición prolongada! Oes, non estarás a planear deixar o proxecto?. Estamos a falar de axudar á raza humana! Non, non estou a ser melodramático. Mira, vouche prestar un libro sobre o tema.

Ola, rapaz. Non esperaba verte nesta convención. Que escribiches un ensaio e pedíronche que o expoñas!? Non, non o lin, láméntoo. Claro que irei á exposición. Que é, nunha hora? Pois vai prepararte, eu estarei alí, tranquilo. Anda, mira, ese rapaz está a esperar neste corredor a alguén, ti vai indo, que estarei en primeira fila aplaudindo.

Eh, ti! Si, ti! Que fas aquí fóra? O profesor Gutiérrez está a piques de dar unha charla sobre o boro. Que non che interesa? A min tampouco, a verdade sexa dita.

Francisco José Álvarez Reino



Acabamos o curso 2014/15 co premio de Fran e comezamos o novo 2015/16 co premio de **David e Marcos**, dous alumnos do ciclo que recibiron o **2º premio** na modalidade de ciclos de grao medio do concurso.....**EDUEMPRENDE IDEA 2015**.

¡PARABÉNS!



**BIAVENTURA**

Este proxecto, **BaiAventura**, nace por unha serie de acontecementos, que sen dúbida, foron unha extraordinaria secuencia de oportunidades.


No curso 2014/2015 decidín estudar o Ciclo de Condución de Actividades Físico Deportivas no Medio Natural, sen saber moi ben como se desenvolvería este curso nin o que este ofrecería, só tiña unha cousa ben clara: encantábanme (e encántanme) os deportes de natureza sen importar a súa procedencia. Terra, mar, ríos, montaña... era o único que tiña en mente.

A miña sorpresa foi que durante o desenvolvemento do ciclo, a formación que se impartía, superaba cada día as miñas expectativas. Cada práctica deportiva, cada saída ao medio natural, cada información recibida non deixaba de sorprendeme e de animarme a seguir por este camiño.

A isto, sumábase os fortes vínculos que pronto se crearon entre compañeiros, sen dúbida, a convivencia que provocaba a práctica destes deportes e a confianza que debiamos depositar nos nosos compañeiros, xerou moi boas amizades que influenciaron directamente nunha boa comprensión dos coñecementos e as experiencias.

Case a finais de curso, de súpeto, chegou a nós a oportunidade de presentarnos ao concurso e sen mais dilación comenteillo a Marcos. Marcos non dubidou en acompañarme neste reto e co tempo en contra, dispuxémonos a traballar niso.

Aproveitamos cada momento libre para traballar na nosa idea e tiñamos unha cousa clara: Queriamos transmitir a todas as persoas posibles as aventuras e os retos que nos xerou todo este ano de curso.



4

A nosa sorpresa apareceu xa pasados uns meses do final do curso, cando recibimos unha chamada dicíndonos que fomos seleccionados como 2º premio de Eduemprende Idea.

Foi unha grandiosa noticia, de súpeto, o que comezara como unha idea, estíbese convertendo en algo tanxible.

Invitáronnos á presentación do proxecto e a entrega de premios na Cidade da Cultura de Santiago e para iso elaboramos un vídeo de presentación para explicar o noso proxecto e ao mesmo tempo xerar impacto visual. Para iso utilizamos fragmentos de vídeos de todas as disciplinas que practicamos durante o curso e moitas outras que xa realizáramos anteriormente (rafting, hípica, sendeirismo, puenting, mergullo, vela, etc.)

O resultado foi moi positivo e creemos que causou conmoción entre os presentes.

Agora somos 3 integrantes que estamos traballando para poder ofrecer as nosas aventuras a todos e pronto ensinaremos unha nova e revolucionaria forma de gozar dos Deportes e da Natureza.

**David Fontán**



*David e Marcos facendo o Camiño de Santiago.*

5